

LUME PARA O FOGAR

CASTRO DE TROÑA




Esta cabana carece de soleira polo que puido funcionar como silo para gardar cereal.

Esta cabana dispuña dun vestíbulo orientado ao noroeste

Lousado granítico. Debaixo del atopouse unha vasilla de gran capacidade de 50 cm de diámetro na zona central

No interior destas cabanas foron documentados fogares nunha posición central, o que evidencia que non había un poste no centro para soste a cuberta

Construción adxectiva vinculada á cabana anexa. O interior dos seus muros, dun grosor inferior ao da vivenda, presenta restos de enlucido de cor branca



Este sector do castro foi escavado no ano 1987 baixo a dirección de Hidalgo Cuñarro. Permitted sacar á luz un conxunto de tres cabanas de planta circular máis unha cuarta de planta poligonal cun muro curvado. Trátase de estruturas maiormente residenciais, xa que no interior de boa parte delas foi documentado un fogar, unha estrutura de

combustión de forma irregular situada no centro da cabana destinada a facer lume.

O diámetro das cabanas circulares oscila entre os 4,5 e os 6,20 m de diámetro, e o seu pavimento era de arxila endurecida de tonalidade amarela-vermella. Algunhas das construcións carecen de fogares e de soleira e, xa que logo, de porta de acceso, o que nos fai pensar que puideron ser utilizadas como silos para o almacenamento de landras, cereais (millo miúdo, trigo) e leguminosas (fabas, chícharos, feixóns). Para reforzar o illamento

os galaicos utilizaron pavimentos de arxila cubertos por táboas de madeira e cortiza. O interior das paredes revocábase con cal.

Este conxunto habitacional estivo ocupado no século I d.C e logo foi abandonado. Tres centurias máis tarde, alá polo s. IV da nosa era, o conxunto foi parcialmente reconstruído e reutilizado.

Cerámica gris paleocristiá

No castro atopáronse fragmentos de cerámica gris paleocristiá decorada con estampilla de palmeta, un motivo ornamental de orixe oriental que puido chegar a Troña a través do comercio marítimo que, procedente do Mediterráneo, arribaba ás costas da Gallaecia.



UN DENARIO DE PRATA

Neste ámbito da aldea apareceu unha moeda romana que se corresponde cun denario de prata de Octavio Augusto ou César Augusto, o primeiro emperador romano, que ocupou o trono entre os anos 27 a.C e 14 d.C. Foi localizado sobre o piso dunha das cabanas de planta circular, moi cerca da lareira central. Malia que Troña é un



No castro foi atopada unha moeda republicana de Musidius Longus [42-43 a.C.]



castro escasamente romanizado, a aparición de moedas romanas pon en evidencia a importancia do comercio neste enclave, un *oppidum* ou lugar central de referencia para as demais aldeas fortificadas da bisbarra. No último terzo do século I a.C. Roma constitúese como imperio e dótase dunhas estruturas de organización comúns a todo o territorio que dominaba. Augusto levou a cabo unha reforma do sistema monetario que permitiu pagar coa mesma

moeda por todo o Imperio, facilitando o intercambio e o comercio. Neste contexto a moeda converteuse nun instrumento de comunicación social e de propaganda ao servizo do emperador.

No momento de ocupación tardía de Troña (século III d.C), o castro convivía tamén con vilas romanas, isto é, con explotacións agro-gandeiras de certo tamaño que, situadas no fondo do val, eran explotadas por cidadáns galaico-romanos.

